

actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Capela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Capela serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Capela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá vixencia durante doce meses a contar desde a data da súa firma, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Concello da Capela non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **dentro dos catro meses seguintes á data de finalización**, deberá solicitar polo menos un mes antes desta data a prórroga do convenio, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder de **3 meses adicionais**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Capela perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello da Capela, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación de data 26 de febreiro de 2021.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DA CAPELA

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Manuel Meizoso López

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: José Luis Almu Supervía



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 18 /2021

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE POSTA EN MARCHA, DINAMIZACIÓN E FOMENTO DO EMPRENDAMENTO NO ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO DO CONCELLO DA CAPELA, DENTRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL

Na Coruña, 8 de marzo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,
Doutra parte D. Manuel Meizoso López, Alcalde Presidente do CONCELLO DA CAPELA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello da Capela consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través de formación e titorización das persoas que os promovan. Ambas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Capela, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela, CIF P1501800E para o financiamento das "Actividades de posta en marcha, dinamización e fomento do emprendemento no espazo de traballo colaborativo do concello da Capela" durante doce meses.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADES A REALIZAR

O Concello da Capela levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento desglosado en función da natureza do gasto e a súa adecuación aos prezos do mercado:

	Orzamento total	Achega Concello A Capela (20%)	Achega Deputación (80%)
1. Gastos de persoal directamente adscrito á actividade			
Dinamizador	16.000,00 €	3.200,00 €	12.800,00 €
Subtotal 1	16.000,00 €	3.200,00 €	12.800,00 €
2. Gastos correntes en bens e servizos orixinados directamente pola actividade			
Gastos correntes e mantemento de instalacións	10.000,00 €	2.000,00 €	8.000,00 €
Deseño da imaxe corporativa	3.000,00 €	600,00 €	2.400,00 €
Publicidade, comunicación e difusión	14.000,00 €	2.800,00 €	11.200,00 €
Subtotal 2	27.000,00 €	5.400,00 €	21.600,00 €

3. Contratación de actividades formativas

Deseño e desenvolvemento do programa de titorización e mentoring para as persoas usuarias	20.000,00 €	4.000,00 €	16.000,00 €
Obradoiros e cursos de formación relacionados coa xestión empresarial	10.000,00 €	2.000,00 €	8.000,00 €
Charlas, conferencias e eventos	2.000,00 €	400,00 €	1.600,00 €
Subtotal 3	32.000,00 €	6.400,00 €	25.600,00 €
TOTAL	75.000,00 €	15.000,00 €	60.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80% do custe do proxecto.

No caso de que o gasto xustificable non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificable. Agora ben, se a cantidade xustificable resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia alén o exercicio actual, o mesmo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario 2022. Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio 2022, de acordo coa normativa vixente no momento.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Capela obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello da Capela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No procedemento de contratación o Concello da Capela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

No caso de que o Concello da Capela tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello da Capela achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade...". Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado como unha infracción simple e sancionada co importe que resulte da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias".

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

"3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable".

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Capela pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O Concello da Capela estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o proben.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello da Capela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- A entidade deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- O Concello da Capela estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
- Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Capela na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Capela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial se realizarán nos doce meses seguintes á firma do convenio.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Capela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de CATRO MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Capela para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Capela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 53 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Capela na documentación achegada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Capela terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Capela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Capela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello da Capela poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da